

JA4773267

08/2025



José Manuel Amigo Vázquez
NOTARIO

Montero Rios, 17 bajo
 Tel. 981 595 356 - Fax. 981 571 914

= ELEVACIÓN A PÚBLICO DE ACORDOS =

C-NÚMERO TRES MIL CINCOCENTOS TRES. -----

En Santiago de Compostela, a miña residencia, a dezaoito de decembro de dous mil vinte e cinco. -----

Perante min, JOSÉ-MANUEL AMIGO VÁZQUEZ, Notario do Ilustre Colexio de Galicia, designado por quenda oficial, -----

-- COMPARECE: - -----

Dona MARTA VIÑAS HYLASS-BERNOUD, maior de idade, letrada da Xunta de Galicia, veciña de Santiago, con domicilio a estes efectos en rúa San Caetano e con D.N.I. 36.053.449-Y -----

INTERVÉN en representación da "**FUNDACION GALICIA EUROPA**", con C.I.F. G15140023, domiciliada nesta cidade de Santiago, rúa Hórreo, 61, que ten por obxecto, en síntese, establecer os mecanismos necesarios para canalizar e defender os intereses da Xunta de Galicia e da sociedade galega en xeral perante as institucións comunitarias. -----

Constituída por escritura outorgada o día 15 de



febreiro de 1.988 ante o Notario que foi de Santiago Don José-Antonio Montero Pardo, número de protocolo 209. Foron modificados os seus estatutos por acordo do Padroado da Fundación, de data 17 de marzo de 1.997, elevado a público mediante escritura autorizada polo citado Notario señor Montero Pardo, o día 23 de abril de 1.997, número 758 de protocolo, e posteriormente modificados en varias ocasións, a última delas elevada a público en escritura autorizada o día 28 de xaneiro de 2.016 perante min, número 180 de protocolo, de cuxa copia autorizada, que tiven á vista, resultan as referidas circunstancias de denominación, forma, domicilio e obxecto sociais. -----

Actúa como **Secretaria do Padroado**, cargo para o que foi designada, segundo o artigo 11 dos estatutos sociais, pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, como resulta de resolución expedida por Don Manuel Pillado Quintáns, Director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia o día 21 de xaneiro de 2013, que tiven á vista, tendo aceptado dito cargo en data 18 de febreiro de 2013, inscrito, segundo manifesta, no Rexistro de Fundacións. -----

Está **facultada** para o presente outorgamento en virtude de acordo do Padroado da Fundación ao que lo-

JA4773268

08/2025



go se fará referencia, sendo, ao meu xuízo, SUFICIENTES as súas facultades para este acto. -----

Titular real.- Conforme o artigo 9 da Lei 10/2010, de 28 de abril, esta Entidade está **exceptuada da obriga de identificación do titular real** porque, segundo manifesta seu representante, e unha organización de natureza fundacional do sector público autonómico. -----

Identifícoa polo seu documento de identidade antes consignado, constando as súas circunstancias persoais das súas manifestacións. Xulgo a comparecente, segundo intervén, con capacidade e o discernimento necesario para outorgar a presente escritura, a cuxo fin, -----

-- O U T O R G A: - -----

ELEVA a PÚBLICO os acordos adoptados na xuntanza do Padroado da FUNDACION GALICIA EUROPA, celebrada o día 10 de novembro de 2025 relativos a **aprobación da modificación dos Estatutos da dita Fundación**, segundo consta en certificación expedida pola comparecente



como Secretaria do Padroado co Visto e Prace do Presidente, Don Alfonso Rueda Valenzuela, que ao seu requirimento incorporo a esta matriz, asinado por ambos electrónicamente e tendo comprobada a súa autenticidade a través do seu Código de Verificación, cuxo contido dáse por reproducido para evitar repeticións innecesarias. -----

Igualmente engado a esta matriz fotocopia obtida por min da certificación expedida por Don Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e secretario do Consello da Xunta de Galicia, co visto e prace do presidente, don Alfonso Rueda Valenzuela, relativa ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de data 12 de decembro de 2025, de autorización da modificación dos estatutos Fundación Galicia Europa, na que leva como Anexo os novos Estatutos da Fundación. -----

Fago as reservas e advertencias legais, en especial a relativa á inscrición no Rexistro de Fundacións. -----

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, o Regulamento (UE) 2016/679 e a súa normativa de desenvolvemento, a comparecente queda informada e acepta o tratamento

JA4773269

08/2025



e tratamento e incorporación dos seus datos ós ficheiros automatizados existentes nesta Notaría, que se conservarán na mesma con carácter confidencial, sen prexuízo das remisións de obrigado cumprimento ás Administracións Públicas que estipula la Lei e, no seu caso, ao Notario que suceda o substitúa o actual nesta Notaría. A súa finalidade é realizar a formalización do presente instrumento público, que noutro caso non podería autorizarse, a súa facturación e seguimento posterior e as funcións e obrigas propias da actividade notarial. A identidade e enderezo do responsable, a efectos de poder exercitar os seus dereitos sobre protección de datos, son os do Notario autorizante. -----

Léolle esta escritura, pola súa elección; apróbaa e asínaa comigo, Notario, que dou fe de que despois da lectura a comparecente fixo constar ter quedado debidamente informado do seu contido, e ter prestado libremente o seu consentimento, de que o outorgamento adecúase a súa vontade debidamente informada e a le-



JA4773270

08/2025



Marta Vivas-Bernoud, secretaria do Padroado da Fundación Galicia Europa, fundación inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego co número 1988/1,

CERTIFICA:

1º.- Que con data 10 de novembro de 2025, logo de convocatoria, celebrouse a reunión ordinaria do Padroado, presidida polo Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do padroado da FGE, don Diego Calvo Pouso, co quorum de asistencia previsto nos Estatutos, e adoptáronse, por unanimidade, os seguintes acordos:

- Incorporación, como membros do Padroado, das Deputacións de Ourense e Pontevedra.
- Aprobación da modificación do artigo 13 dos Estatutos da Fundación Galicia Europa.

Como consecuencia da incorporación, como membros do Padroado, das Deputacións de Ourense e Pontevedra, resulta necesario proceder á modificación do artigo 13 dos Estatutos da Fundación Galicia Europa, relativo á composición do Padroado, polo que engádense as aliñas que menciona ás ditas entidades, permanecendo invariable o resto do seu contido.

En consecuencia, o artigo 13 queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 13. Composición

13.1 O padroado estará composto por un mínimo de 5 e un máximo de 19 membros e estará integrado maioritariamente por representantes da Xunta de Galicia.

13.2 Son membros do Padroado os seguintes:

- a) Presidente/a: a persoa titular da consellería da que dependa o centro directivo con competencias en materia de Relacións coa Unión Europea ou persoa en quen delegue
- b) Director/a: a persoa titular do centro directivo competente en materia de Relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue
- c) Vogais en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Facenda ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Economía, Emprego e Industria ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Medio Rural ou persoa en quen delegue

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa do Hórreo, 61
15706 Santiago de Compostela
fundacion.galicia.europa@xunta.gal
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

X @FGaliciaEuropa
in.com/fundación-galicia-europa
fundaciongaliciaeuropa.eu





- A persoa titular da consellería competente en materia de Mar ou persoa en quen delegue
- A persoa titular da consellería competente en materia de Política Social ou persoa en quen delegue
- A persoa titular do centro directivo con competencias en materia de innovación ou persoa en quen delegue

d) Vogais en representación doutras entidades:

- O/A presidente/a de ABANCA ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación de Lugo ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue
- O/A delegado/a especial do Estado no Consorcio Zona Franca de Vigo ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue

13.3 Asistirá ao padroado un/ha Secretario/a, non patrón, que será un/unha Letrado/a designado/a pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. O/A Secretario/a deberá asistir ás reunións do padroado con voz, pero sen voto.

13.4 Ás reunións tamén poderá asistir, con voz pero sen voto, o/a director/a ou responsable da oficina da FGE en Bruxelas, así coma calquera outra persoa que o/a director/a da FGE estime oportuno."

2º- Que o Padroado aprobou, por unanimidade, facultar á secretaria da Fundación para a realización dos trámites necesarios para elevar a público o dito acordo.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Marta Viñas Hyllass-Bernoud

Vº Bº e conforme,

O Presidente

Diego Calvo Pouso

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa do Hórreo, 61
15706 Santiago de Compostela
fundacion.galicia.europa@xunta.gal
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu



@FGaliciaEuropa
in.com/fundación-galicia-europa
fundaciongaliciaeuropa.eu



JA4773271

08/2025



DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día nove de decembro de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Autorizar a modificación dos estatutos da Fundación Pública Galicia Europa, de conformidade co texto que se xunta como anexo.”

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a nove de decembro de dous mil vinte e cinco.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

Asinado por: FERNANDEZ DARRIEUX, MIGUEL JULIO
 Cargo: X. Sección - Fundacións
 Data e hora: 12/12/2025 10:19:46
 Motivo: Colexado co original. E copia fiel

As copias en papel deste documento teñen a emulación de copia e serán verificables a través desta código.
 CVE: G08RUL34WYF1 https://sede.xunta.gal/cve





ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALICIA EUROPA

ESTRUCTURA DOS ESTATUTOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Denominación e natureza
- Artigo 2. Personalidade xurídica e capacidade
- Artigo 3. Réxime xurídico

TÍTULO II. OBXECTO DA FGE

- Artigo 4. Domicilio
- Artigo 5. Ámbito de actuación
- Artigo 6. Fins e actividades fundacionais
- Artigo 7. Liberdade de actuación

TÍTULO III. REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Artigo 8. Destino de rendas e ingresos
- Artigo 9. Beneficiarios/as

TÍTULO IV. ÓRGANOS DA FGE

- Artigo 10. A Presidencia de Honra
- Artigo 11. Órganos da FGE

CAPÍTULO I: O PADROADO

- Artigo 12. Natureza
- Artigo 13. Composición
- Artigo 14. Duración do mandato, nomeamento e substitucións dos membros do Padroado
- Artigo 15. Aceptación dos/as patróns/patroas
- Artigo 16. Cese dos/as patróns/patroas
- Artigo 17. Organización do Padroado
- Artigo 18. Presidente/a
- Artigo 19. Secretario/a
- Artigo 20. Facultades do Padroado
- Artigo 21. Xuntanzas do Padroado e convocatoria
- Artigo 22. Dereitos e deberes dos/as patróns/patroas
- Artigo 23. Responsabilidades e facultades dos/as patróns/patroas
- Artigo 24. Carácter gratuíto do cargo de patrón/patroas

Afirmado por: FERNANDEZ DARRIEUX, MIGUEL
JULIO
Cargo: X. Sección - Fundacións
Data e hora: 12/12/2025 10:21:08
Motivo: Colexado co orixinal. E copia fiel

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificadas a través deste código.
DVE: cv/R9glAF8A19 - <https://sede.xunta.gal/ve>



JA4773272

08/2025



CAPÍTULO II: ÓRGANOS DE XESTIÓN

Artigo 25. Director/a

Artigo 26. Funcións do/a Director/a

Artigo 27. Comisión de auditoría e control

TÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio fundacional e a súa adscrición

Artigo 29. Financiamento

Artigo 30. Réxime económico-financeiro

Artigo 31. Elaboración do Plan e presentación das contas anuais

TÍTULO VI. DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 32. Modificación estatutaria

Artigo 33. Fusión con outra fundación e escisión

Artigo 34. Extinción

Artigo 35. Liquidación e adxudicación do patrimonio

Disposición adicional primeira

Disposición adicional segunda

Disposición adicional terceira

JULIO
Cargo: X. Sección - Fundacións
Data e hora: 12/12/2025 10:21:09
Motivo: Cotaxado co original. É copia fiel

Un copia e servizo verificación a través de este código QR.
Código QR: 05159418 - https://sede.xunta.gal/qr



TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

1.1 A Fundación Pública Galicia Europa -en diante FGE- foi constituída pola Xunta de Galicia ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, como fundación de interese galego, e ten por finalidade potenciar a participación de Galicia nas políticas e accións da Unión Europea e impulsar o coñecemento das mesmas, así como defender os intereses de Galicia ante as institucións e órganos da Unión Europea.

1.2 A FGE é unha entidade sen ánimo de lucro e unha entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia cuxo patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto, está vinculada ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e ao dereito local foráneo no que afecta ao desenvolvemento da actividade da súa oficina en Bruxelas. A FGE estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

Artigo 2. Personalidade xurídica e capacidade

2.1 A FGE, cualificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, actuando de conformidade co establecido no ordenamento xurídico, todos os actos que se estimen necesarios para o cumprimento dos seus fins.

2.2 A FGE non poderá exercer potestades públicas, podendo realizar unicamente actividades relacionadas co ámbito competencial da entidade fundadora, contribuíndo á consecución dos seus fins sen que isto supoña a asunción da titularidade das súas competencias, agás atribución legal expresa.

2.3 A Fundación poderá recibir encomendas da Xunta de Galicia para a execución de obras, subministracións ou servizos públicos da súa competencia. As encomendas instrumentaranse de acordo coa normativa vixente.



JA4773273

08/2025



Artigo 3. Réxime xurídico

3.1 A FGE ten carácter permanente e a súa duración será indefinida. Rexerase pola vontade do fundador expresada nestes estatutos. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento.

3.2 Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público e demais disposicións aplicables da lexislación estatal e autonómica en materia de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e pola normativa da función pública de Galicia, nos aspectos que resulten de aplicación ao seu persoal, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación en cada momento.

3.3 Así mesmo, rexerase polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e orientará a súa actuación en función das prioridades establecidas en cada momento na Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) en vigor.

3.4 Finalmente, a FGE, no exercicio das súas competencias, integrará activamente a perspectiva de xénero, de acordo co establecido no Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e demais normativa aplicable.



TÍTULO II. OBXECTO DA FGE

Artigo 4. Domicilio

4.1 A FGE ten o seu domicilio na Rúa do Hórreo, 61, 15701 Santiago de Compostela, e unha oficina na Rue de la Loi, 38, 2º, bte.2 1040 Bruxelas (Bélxica).

4.2 O Padroado poderá acordar o cambio de domicilio da FGE, mediante a oportuna modificación estatutaria, cando as necesidades de xestión e organización así o aconsellen, dando inmediata comunicación ao Protectorado na forma establecida na lexislación vixente.

Artigo 5. Ámbito de actuación

5.1 A FGE desenvolverá a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como naqueles ámbitos xeográficos onde se requira para o cumprimento dos seus fins e actividades fundacionais.

5.2 Poderá colaborar co resto de oficinas autonómicas e rexionais en Bruxelas, así como coa Representación Permanente de España perante a Unión Europea (Reper) e outras institucións e partes interesadas que persigan fins similares, cando estas colaboracións teñan por obxecto a consecución de fins de interese galego relacionados co seu obxecto fundacional.

Artigo 6. Fins e actividades fundacionais

6.1 A FGE serve ao interese xeral de Galicia, ao seu fortalecemento institucional, ao fomento da súa economía produtiva e social e máis á promoción de todas aquelas accións que acheguen Galicia á realidade europea, defendendo os seus intereses ante as institucións e os órganos da Unión e difundindo os valores europeos entre a sociedade galega.

6.2 Para o cumprimento desta finalidade, a FGE poderá levar a cabo as seguintes actuacións:



JA4773274

08/2025



- a) Exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea en todo o que non estea expresamente atribuído aos representantes ou responsables autonómicos designados ante as distintas institucións, por indicación do centro directivo da Xunta de Galicia competente en materia de relacións coa Unión Europea, seguindo en todo caso as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.
- b) Apoiar e asistir a actuación do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea ante os órganos e institucións da Unión Europea e as súas redes de cooperación territorial dentro do marco do disposto para a Administración autonómica na normativa vixente en materia de acción exterior de Galicia.
- c) Atender as solicitudes de intermediación e apoio das distintas consellerías e entidades do sector público autonómico, así como das restantes administracións públicas, organismos e corporacións galegas, no exercicio da súa participación nos asuntos da Unión Europea.
- d) Asesorar e atender as consultas que lle poidan expoñer as distintas consellerías e entidades do sector público autonómico en materia de asuntos europeos, incluídas axudas e fondos europeos.
- e) Realizar o seguimento daquelas políticas e lexislación comunitaria que resulten de interese para a Comunidade Autónoma.
- f) Facilitar as súas instalacións ao persoal técnico desprazado pola Xunta de Galicia á Bruxelas cando existan necesidades específicas do servizo, conxunturais ou motivadas polo aumento do volume de traballo, ou durante períodos de representación ante as institucións da Unión Europea, segundo as condicións establecidas na normativa vixente.
- g) Colaborar na preparación de viaxes e visitas institucionais das autoridades de Galicia ás institucións e aos órganos da Unión Europea, así como das autoridades das citadas institucións e órganos a Galicia.
- h) Participar en proxectos europeos que redunden nun beneficio para a sociedade galega, e desenvolver as tarefas de xestión e técnicas relacionadas coa dita participación.
- i) Seleccionar, analizar e transmitir ás institucións públicas e privadas de Galicia aquela información procedente da esfera comunitaria que poida afectar aos intereses da sociedade galega en xeral.
- j) Promover e apoiar a participación galega en proxectos europeos a través de distintos programas de financiamento comunitario, así como asegurar a información sobre oportunidades de cooperación.





- k) Achegar o coñecemento da realidade europea e das súas institucións á sociedade galega mediante a organización de todo tipo de actos, así como mediante a edición de publicacións e a difusión en redes sociais e outros medios de comunicación de masas.
- l) Formar a mocidade galega nos asuntos europeos mediante a convocatoria de bolsas de estudos co obxecto de realizar prácticas na propia FGE e naquelas outras institucións nacionais ou estranxeiras relacionadas cos fins da FGE.
- m) Formar ao persoal da Administración Pública galega en materia de asuntos europeos mediante a organización de cursos e estancias de formación na sede da FGE.
- n) Comunicar ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior as comunicacións que reciba en materia de viaxes, visitas, recepcións, intercambios e actuacións con proxección exterior das autoridades da administración autonómica, dos altos responsables de entidades dela dependentes e dos restantes suxeitos da acción exterior galega, para os efectos do exame da súa adecuación á EGAEX e de coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores.
- o) Comunicar ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior as comunicacións que reciba en materia de participación galega en delegacións españolas para a negociación e concertación de tratados, e de subscripción de acordos internacionais administrativos, acordos internacionais non normativos e outros acordos de suxeitos públicos.
- p) A realización doutras actividades non citadas expresamente que cooperen á consecución dos fins fundacionais.

6.3 Sen prexuízo do anterior, a FGE poderá establecer relacións de carácter instrumental con terceiros en diferente ámbito territorial, dentro dos límites do disposto para a súa actuación na normativa vixente en materia de acción exterior de Galicia.

Artigo 7. Liberdade de actuación

7.1 O Padroado terá plena liberdade, dentro do marco establecido polo artigo 6, para determinar as actividades da FGE tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis axeitados ou convenientes en cada momento.



JA4773275

08/2025



7.2 A FGE dará cumprida información dos fins e actividades que realiza a través dos medios ao seu alcance, aplicando en todo momento o disposto pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normas que a desenvolvan ou substitúan.

TÍTULO III. REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 8. Destino de rendas e ingresos

8.1 A FGE destinará para a realización dos seus fins cando menos a porcentaxe que en cada momento determine a normativa vixente (agás as aportacións efectuadas en concepto de dotación), dedicándose o resto, deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación fundacional ou as reservas segundo acordo adoitado polo Padroado.

8.2 Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

8.3 Os recursos da FGE entenderanse adscritos á realización dos fins fundacionais, agás no caso de que os bens lle sexan transmitidos para unha finalidade determinada, en cuxo caso entenderanse afectos á realización dos obxectivos que o transmitinte establecera.

Artigo 9. Beneficiarios/as

9.1 Serán beneficiarios dos fins fundacionais, con carácter xeral a Comunidade Autónoma de Galicia e todas as persoas físicas e xurídicas que de calquera forma teñan relación co seu obxecto nas condicións que se determinen, de acordo cos presentes estatutos e posteriores acordos da FGE.

9.2 A determinación dos/das beneficiarios/as será efectuada polo padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación, e ninguén poderá alegar, individual nin colectivamente ante a FGE ou o seu padroado, dereito algún ao goce dos seus





beneficios, antes de que fosen concedidos, nin impoñer a súa atribución a persoas determinadas.

9.3 A FGE deberá informar de xeito xeneralizado sobre os seus fins e actividades para o coñecemento dos seus eventuais beneficiarios/as e demais interesados/as.

Título IV. Órganos da FGE

Artigo 10. A Presidencia de Honra

A Presidencia de Honra da FGE será ostentada polo/a o/a titular da Presidencia da Xunta de Galicia, asumindo con carácter exclusivo a mera representación honorífica da FGE.

Artigo 11. Órganos da FGE

11.1 O órgano de goberno da FGE é o Padroado. O Padroado estará integrado por un/unha Presidente/a e os/as Vogais, e disporá dun Secretario ou Secretaria.

11.2 Serán órganos de xestión da FGE o/a Director/a e os demais cargos directivos de primeiro nivel que puideran crearse por acordo expreso do órgano de goberno.

CAPÍTULO I: O PADROADO

Artigo 12. Natureza

12.1 O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da FGE, e exercerá as funcións que lle corresponden de conformidade coa lexislación vixente e co establecido nos presentes Estatutos.

12.2 A título enunciativo e non limitativo, o padroado poderá: adquirir, posuír, allear, gravar e permutar bens de toda clase; transixir e renunciar a eles; outorgar poderes; promover, opoñerse, seguir e desistir os procedementos ordinarios e especiais que sexan oportunos en defensa da FGE e dos seus lexítimos intereses, exercitando os



JA4773276

08/2025



correspondentes dereitos e accións e excepcións, reclamacións e recursos, perante os xulgados, tribunais, autoridades, organismos, corporacións, etc., en cada caso competentes; e cantas accións e decisións tendan a conseguir a efectividade do obxecto fundacional, dentro dos límites legais e con suxeición ás autorizacións que procedan do protectorado da FGE.

Artigo 13. Composición

13.1 O padroado estará composto por un mínimo de 5 e un máximo de 19 membros e estará integrado maioritariamente por representantes da Xunta de Galicia.

13.2 Son membros do Padroado os seguintes:

- a) Presidente/a: a persoa titular da consellería da que dependa o centro directivo con competencias en materia de Relacións coa Unión Europea ou persoa en quen delegue
- b) Director/a: a persoa titular do centro directivo competente en materia de Relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue
- c) Vogais en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Facenda ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Economía, Emprego e Industria ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Medio Rural ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Mar ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da consellería competente en materia de Política Social ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular do centro directivo con competencias en materia de innovación ou persoa en quen delegue

d) Vogais en representación doutras entidades:





- O/A presidente/a de ABANCA ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación de Lugo ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue
- O/A delegado/a especial do Estado no Consorcio Zona Franca de Vigo ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue
- O/A presidente/a da Deputación da Pontevedra ou persoa en quen delegue

13.3 Asistirá ao padroado un/ha Secretario/a, non patrón, que será un/unha Letrado/a designado/a pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. O/A Secretario/a deberá asistir ás reunións do padroado con voz, pero sen voto.

13.4 Ás reunións tamén poderá asistir, con voz pero sen voto, o/a director/a ou responsable da oficina da FGE en Bruxelas, así coma calquera outra persoa que o/a director/a da FGE estime oportuno.

Artigo 14. Duración do mandato, nomeamento e substitucións dos membros do Padroado

14.1 Os membros do Padroado formarán parte del mentres desempeñen o cargo por razón do cal foron nomeados.

14.2 En caso de modificación de órganos que se correspondan cos cargos que forman parte do Padroado, corresponderá a súa substitución ao/á titular do órgano que asuma as competencias do departamento obxecto de modificación.

14.3 A substitución dos/as patróns/patroas comunicáraselle formalmente ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 15. Aceptación dos/as patróns/patroas

15.1 Os/as patróns/patroas entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un/unha fedatario/a público/a, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo/a Secretario/a co visto e prace do/a Presidente/a.



JA4773277

08/2025



15.2 A aceptación comunicárase formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

15.3 Producida unha vacante, no prazo máximo de dous meses o padroado procederá á designación da persoa substituta. Para as vacantes dos patróns que o sexan por razón do cargo, a substitución efectuarase pola persoa que lle substitúa no mesmo.

15.4 O padroado poderá adoptar, por maioría de dous terzos dos seus membros, a incorporación dun novo membro da FGE.

15.5 Non obstante, o padroado poderá modificar a súa composición mediante acordo adoptado por maioría de dous terzos dos representantes que o compoñen. O acordo será comunicado ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego para a inscrición da correspondente modificación dos estatutos.

Artigo 16. Cese dos/as patróns/patroas

16.1 O cese dos/as patróns/patroas da FGE producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento da persoa física, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados os membros do Padroado.
- d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia prevista na alínea 1 do artigo 22 da Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego, de así ser declarado por resolución xudicial.
- e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos mencionados no artigo 22.2 desta lei.
- f) Por transcorreren seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen instar a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
- g) Por transcorrer o período do seu mandato, de teren sido nomeados por tempo determinado.
- h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación. A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da FGE.





- i) Por remoción acordada polo/a Presidente/a do Padroado no caso dos membros do Padroado designados/as por este/a.
- j) Por acordo do padroado motivado nun incumprimento das obrigas fundacionais ou nun exercicio inadecuado, insuficiente ou desleal das funcións que lle fosen encomendadas ou delegadas.
- k) Por impago das cotas de participación, previo acordo do padroado.

Estes acordos adoptaranse mediante o réxime xeral de votacións establecido no artigo 17.3 dos presentes estatutos e previo procedemento contradictorio, no que se dará audiencia ao patrón afectado, quedando este excluído das reunións e/ou votacións nas que se adopten, este tipo de acordos.

Nos supostos previstos nos parágrafos j) e k) o acordo do padroado será adoptado por unha maioría de dous terzos dos seus membros.

16.2 O cesamento comunicarase formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 17. Organización do Padroado

17.1 O Padroado contará necesariamente cun Presidente/a e un Secretario/a. O Secretario/a asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto, debendo levantar a correspondente acta. Segundo o artigo 19 da Lei 16/2010, para que as reunións do Padroado se entendan validamente constituídas requirirase a presenza do presidente e do secretario ou, no seu caso, de aqueles que os substitúan, e a metade, polo menos, dos seus membros.

17.2 Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade mais un dos asistentes, sendo dirimente no caso de empate o voto da Presidencia.

17.3 Os acordos serán adoptados por maioría absoluta dos/das asistentes, sendo dirimente, en caso de empate, o voto do/a Presidente/a. En todo caso, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos/das asistentes, sempre que ademais iso supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado, para a adopción dos seguintes acordos: disposición gratuita de bens fundacionais, modificación de estatutos, a fusión, a escisión e extinción da FGE, e calquera acto cando así veña esixido pola lexislación vixente.



JA4773278

08/2025



17.4 As actas do Padroado serán redactadas polo/a Secretario/a e aprobadas, na seguinte sesión, salvo que o Padroado acorde outro procedemento de aprobación. A acta especificará necesariamente os asistentes, a orde do día, as circunstancias do lugar e tempo de realización da sesión, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. Na acta tamén figurará o sentido do voto e a transcripción das intervencións nos termos previstos na normativa vixente. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo/a Secretario/a co visto e praxe do/da Presidente/a. O/A Secretario/a poderá emitir certificación sobre os acordos adoptados en sesións cuxas actas aínda non foran aprobadas, facendo constar naquela este extremo.

Artigo 18. Presidente/a

Correspóndenlle ao/á Presidente/a da FGE as seguintes atribucións:

- a) Acordar e presidir as sesións, moderar e dirixir o desenvolvemento dos debates, someter a votacións os acordos, dirimir co seu voto os empates que se puidesen producir nas votacións.
- b) Representar a FGE ante todo tipo de persoas físicas e persoas xurídicas privadas, así como diante de institucións públicas, sendo o encargado de subscribir os acordos relativos ao establecemento de colaboracións con outras entidades, públicas ou privadas, agás nos supostos nos que, expresamente, se habilite a outro membro do padroado.
- c) Aprobar as bases das convocatorias públicas das axudas, subvencións e bolsas formativas da FGE, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.
- d) Asinar as solicitudes de proxectos de convocatorias europeas que presente a FGE, así como a aceptación das respectivas resolucións de concesión, agás nos casos en que estea asignado aos órganos de xestión.
- e) Actuar como órgano de contratación nos contratos administrativos de subministración, obras ou servizos que deba subscribir a FGE como consecuencia das súas actividades, agás nos casos en que estea asignado aos órganos de xestión.
- f) Asinar, conxuntamente co director/a da FGE, o pago das débedas que superen os 100.000 euros por operación.
- g) Calquera outras facultades necesarias para a marcha da FGE que non estean determinadas especificamente e que poida delegarlle o padroado.



Artigo 19. Secretario/a

19.1 O Secretario/a será un Letrado da Xunta de Galicia proposto pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia a petición do director da FGE e nomeado polo Padroado.

19.2 Correspóndelle ao/á secretario/a:

- a) A certificación dos acordos do padroado co visto e prace do/a presidente/a
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do padroado por orde do/a presidente/a, así como as citacións aos seus membros
- c) Asistir, con voz pero sen voto, ás reunións do padroado
- d) Conservar a documentación da FGE e reflectir debidamente no libro de actas do padroado o desenvolvemento das reunións
- e) Calquera outra función inherente á condición de secretario/a

19.3 Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario/a será substituído por outro Letrado designado de urxencia pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Artigo 20. Facultades do Padroado

20.1 Corresponderá ao Padroado cantas facultades se precisen en Dereito para o eficaz cumprimento do fin fundacional e, en concreto:

- a) O goberno, a representación e a administración da FGE.
- b) Cumprir e facer cumprir fielmente os fins fundacionais, de acordo co disposto na lexislación vixente de Galicia, na lexislación estatal aplicable e nestes estatutos.
- c) Respetar o código de conduta das entidades sen ánimo de lucro
- d) Actuar con criterios de imparcialidade e non discriminación na determinación dos seus beneficiarios.
- e) Dar información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e os demais interesados.
- f) A incorporación, cesamento e substitución dos patróns nos supostos establecidos na lexislación vixente e nestes estatutos.





20.5 O Padroado poderá realizar apoderamentos no Director, sempre e cando se poidan realizar de conformidade coa normativa vixente.

20.6 O Padroado poderá nomear apoderados xerais e/ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.

20.7 As delegacións e apoderamentos xerais, así como as súas revogacións deben ser inscritas no Rexistro de Fundacións.

Artigo 21. Xuntanzas do Padroado e convocatoria

21.1 O padroado, xuntarase de xeito ordinario dúas veces ao ano e de xeito extraordinario tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da FGE. Corresponde ao/á secretario/a convocar as reunións, por orde do/a Presidente/a.

21.2 A convocatoria ordinaria farase chegar a cada un dos membros, polo menos con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Así mesmo, a documentación relativa aos puntos da orde do día estarán a disposición dos membros do padroado cunha antelación mínima de 72 horas. Nesta farase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión.

21.3 Nos seis primeiros meses de cada exercicio o padroado reunirse necesariamente co obxecto de aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio anterior, segundo establece a normativa de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, o padroado reunirse nos últimos tres meses de cada exercicio para aprobar o plan de actuación conforme ao previsto na normativa referida.

21.4 Nas convocatorias de xuntanzas extraordinarias seguirase o mesmo sistema ca no das xuntanzas ordinarias. Só en casos debidamente xustificadas a convocatoria pode realizarse cunha antelación mínima de 48 horas á súa celebración.

21.5 Non será preciso convocatoria previa cando se atopen presentes todos os patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión e os asuntos a tratar na orde do día.

21.6 Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Asinado por: FERNANDEZ DARRIEUX, MIGUEL
JULIO
Cargo: X. Sección - Fundacións
Data e hora: 12/12/2025 10:21:08
Motivo: Cotexado co orixinal. É copia fiel

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: c6f9d9d96A18 <https://sede.xunta.gal/ve>



JA4773280

08/2025



21.7 O Padroado poderán constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando os trámites esenciais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia e no artigo 21 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

21.8 Poderán participar nas sesións do padroado, previa invitación do/a presidente/a a proposta do/a director, con voz pero sen voto, as entidades colaboradoras ou patrocinadoras das actividades da FGE e calquera outra persoa física ou xurídica convocada.

Artigo 22. Dereitos e deberes dos/as patróns/patroas

22.1 Correspóndelle aos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.
- c) Exercer o seu dereito de voto e formular voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Participar nos debates das sesións.
- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Obter a información precisa para o cumprimento das funcións asignadas.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición e todas aquelas que expresamente lles sexan atribuídas por acordo do Padroado.

22.2 Son deberes dos membros do padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da FGE mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás xuntanzas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da FGE no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e no Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Cumprir co determinado na lexislación vixente e nos presentes Estatutos.



22.3 O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da FGE para seren coñecidos polos/as seus/súas eventuais beneficiarios/as e demais interesados/ as.

Artigo 23. Responsabilidades e facultades dos/as patróns/patroas

23.1 Os/as patróns/patroas, en canto membros do órgano de goberno da FGE, terán e exercerán as facultades que lle corresponden con independencia, sen máis trabas e limitacións que as establecidas no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos, debendo desempeñalas coa dilixencia dun representante leal.

23.2 Os/as patróns/patroas responderán solidariamente fronte á FGE dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecendoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel, facéndoo constar na acta.

Artigo 24. Carácter gratuíto do cargo de patrón/patroa

24.1 Os/As patróns/patroas exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que poidan percibir retribución algunha por desempeñar as súas funcións. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 23 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, terán dereito a ser resarcidos/as dos gastos debidamente xustificados que o cargo lles ocasione no exercicio das súas funcións, así como a percibir dietas de asistencia ás reunións do órgano de goberno nas condicións sinaladas na normativa en vigor.

CAPÍTULO II: ÓRGANOS DE XESTIÓN

Artigo 25. Director/a

25.1 O cargo de director/a da FGE deberá recaer na persoa titular do centro directivo competente en materia de relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia. O dito





- h) Asinar as convocatorias públicas das axudas, subvencións e bolsas formativas da FGE, así como as resolucións de concesión e outras xestións necesarias para a súa tramitación.
- i) Asinar as solicitudes de proxectos de convocatorias europeas que presente a FGE, así como a aceptación das respectivas resolucións de concesión, salvo no caso de que superen o importe de 100.000 euros que lle corresponderá ao Presidente da FGE. Tamén asinará as correspondentes xustificacións de gastos e de execución dos proxectos concedidos.
- j) Actuar como órgano de contratación nos contratos administrativos subministración, obras ou servizos que deba subscribir a FGE como consecuencia das súas actividades, salvo no caso de que superen o importe de 100.000 euros que lle corresponderá ao Presidente da FGE. Todas estas contratacións rexeranse pola normas de contratación do sector público.
- k) Realizar todas as xestións de tesourería que lle delegue o padroado podendo ordenar pagamentos, abrir e cancelar contas correntes ou de crédito no nome da FGE, dispoñer das mesmas e realizar o seu seguimento, ademais de cobrar os créditos e pagar as débedas da FGE. O pago das débedas que superen os 100.000 euros por operación deberá exercitarse coas sinaturas do/a director/a e do/a presidente/a.
- l) Prestar e solicitar toda clase de fianzas e avais dentro da normativa vixente.
- m) Librar, emitir, aceptar, endosar e avalar toda clase de títulos e valores, dentro dos límites establecidos pola lexislación de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- n) Exercer a xefatura de persoal da FGE e elevar ao padroado as bases dos procesos selectivos do persoal laboral e as modificacións nos soldos e retribucións do persoal cando sexa necesario.
- o) Propoñer ao padroado o nomeamento ou cese, no seu caso, do/a director/a ou responsable da oficina da FGE en Bruxelas e os apoderamentos necesarios de administración e xestión, así como as revogacións ou modificacións dos mesmos.
- p) Expedir os informes que sexan precisos e que non correspondan ao/a secretario/a do padroado.
- q) Realizar os traballos precisos para a elaboración e formulación das contas anuais e da memoria de cada exercicio, así como para os seguimentos periódicos da actividade e do orzamento e os informes que lle fosen requiridos.
- r) Estar facultado para solicitar o certificado dixital da clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e utilizar a sinatura dixital para calquera trámite telemático.
- s) Formular o plan de actuación para a súa presentación e aprobación polo Padroado.

Añadido por: FERNANDEZ DARRIEUX, MIGUEL
JULIO
Cargo: X. Sección - Fundacións
Data e hora: 12/12/2025 10:21:09
Motivo: Colexado co original. E copia fiel

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificadas a través deste código.
CIVE: enjRQARPA18 <https://sada.xunta.gal/cve>



JA4773282

08/2025



- t) Todas aquelas que, sendo necesarias para o correcto funcionamento da FGE, lle sexan atribuídas polo padroado.

26.2 O director/a ou responsable da oficina da FGE en Bruxelas ostentará aquelas facultades ordinarias de administración e xestión que lle sexan outorgadas polo padroado mediante apoderamento expreso e todas aquelas outras que lle poida encomendar o director da FGE para o correcto desenvolvemento dos fins fundacionais.

Artigo 27. Comisión de auditoría e control

No caso de que a FGE estea obrigada a someter as súas contas a auditoría, constituirase unha comisión de auditoría e control dependente do Padroado segundo o artigo 119 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

TÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio fundacional e a súa adscripción

28.1 O Patrimonio da FGE está constituído por calquera ben, dereito e obriga, susceptibles de valoración económica que integren a dotación ou aqueles que adquira a FGE con posterioridade, independentemente de que se afecten ou non á dotación.

28.2 Os bens e dereitos do patrimonio fundacional terán que figurar a nome da FGE, constando no inventario e no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, os bens e dereitos que sexan susceptibles de inscrición noutros rexistros, terán que ser inscritos nos mesmos.

28.3 O Padroado queda facultado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da FGE, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao Protectorado.



28.4 Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a FGE persegue.

Artigo 29. Financiamento

29.1 A FGE, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aqueles outros procedentes das subvencións que se poidan percibir dos entes públicos; as achegas, axudas, doazóns, herdanzas e legados; o rendemento de actividades, servizos e publicacións; os intereses de contas bancarias ou activos financeiros; e calquera outro legalmente obtido.

29.2 A FGE poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directa ou indirectamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios á vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios/as.

Artigo 30. Réxime económico-financeiro

30.1 Na xestión económico-financeira, a FGE rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

30.2 A FGE levará unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que lle permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para ilo, levará necesariamente un libro de actas, un libro diario, un libro de inventario e contas anuais, así como o axeitado control da súa contabilidade.

30.3 O réxime orzamentario e o económico-financeiro de contabilidade e de control da FGE, será o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma.

Asinado por: FERNANDEZ DARRIEUX, MIGUEL
JULIO
Cargo: X. Sección - Fundacións
Data e Hora: 12/12/2025 10:21:09
Motivo: Cotexado co orxinal. E copia fiel

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e non verificables a través deste código.
CVE: cvfrqk4FGAT8 Nfhs/fecca.xunta.gal/cve





31.7 No caso de existir cambio na lexislación vixente en canto á esixencia doutros documentos ou no relativo aos prazos de presentación dos mesmos, o Padroado cumprirá, en todo momento, co que sexa de aplicación.

31.8 A FGE estará suxeita ao control financeiro que realizará a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias que nesta materia correspondan ao Consello de Contas de Galicia. Para isto, a FGE remitirá á Intervención Xeral da Xunta de Galicia as contas anuais, así como ao Rexistro de entidades do sector público previsto no artigo 52 da LOFAXGA.

TÍTULO VI. DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 32. Modificación estatutaria

32.1 Por acordo do Padroado, e coa autorización do Consello da Xunta, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da FGE e se cumpran os requisitos esixidos no artigo 114 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e no artigo 41 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

32.2 Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado.

32.3 A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado deberá ser comunicada ao Protectorado e autorizada por acordo do Consello da Xunta de Galicia nos termos establecidos na lexislación en vigor. Unha vez autorizada deberase formalizar en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 33. Fusión con outra fundación e escisión

Asinado por: FERNANDEZ DARRIEUX, MIGUEL
JULIO
Cargo: X. Sección - Funcións
Data e hora: 12/12/2025 10:21:09
Motivo: Contextado co orixinal. E copia fiel

A copia en papel deste documento infirm a condición
de copia e seña verificables a través desta odaxa.
CVE: cve@xunta.gal 18 <https://sede.xunta.gal/cve>



JA4773284

08/2025



33.1 A FGE poderase fusionar con outra ou outras fundacións, logo de acordo do respectivos Padroados.

33.2 O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das dúas terceiras partes dos/as asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado. Dito acordo de fusión terá que ser comunicado ao Protectorado nos termos do artigo 42 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente se inscribirá no Rexistro de Fundacións.

33.3 O Padroado da FGE poderá aprobar a escisión de parte da FGE nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 34. Extinción

34.1 A FGE extinguirse polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

34.2 A disolución da FGE producirase por acordo dos membros do Padroado que determine a imposibilidade, legal ou material, de cumprir os seus obxectivos. En caso de acordo de disolución este requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros e a súa ratificación por parte do protectorado.

34.3 A extinción e perda da representación maioritaria da FGE, e os actos que impliquen a perda do seu carácter de FGE do sector público autonómico, deberán ser autorizados por acordo do Consello da Xunta, segundo o establecido no artigo 114 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

34.4 O acordo de extinción inscribirase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 35. Liquidación e adxudicación do patrimonio

35.1 A extinción da FGE determina a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo Padroado baixo o control do Protectorado.





35.2 O padroado, como órgano de liquidación, deberá realizar as seguintes actuacións:

- a) Confección do inventario e balance da situación da FGE na data de inicio do procedemento de liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que haxan de levarse a cabo coas indicacións previstas.
- c) Cobro de créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.
- d) Calquera outras actuacións que sexan convenientes ou necesarias para os interesados no procedemento.

35.3 Os bens e dereitos resultantes da liquidación integráranse no patrimonio da Comunidade Autónoma. Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

En atención ao deber de publicidade establecido para as fundacións de interese galego no artigo 31.b) da Lei 12/2006, do 1 de decembro, e sen prexuízo do seu anuncio e difusión xeral, a FGE publicará na súa sede electrónica, de contar cunha, a expresión dos fins fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos das licitacións e axudas que convoquen durante o exercicio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O Padroado poderá crear un Comité de Honra, constituído polas máis altas instancias, autonómicas, nacionais e internacionais, que contribúan de maneira salientada á consecución dos fins da FGE.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado lle atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a FGE expresamente se somete.



JA4773285

08/2025



É COPIA DO seu MATRIZ, coa que fielmente concorda e onde queda anotado, que expido para FUNDACIÓN GALICIA EUROPA en dezanove folios de papel exclusivo para documentos notariais, de igual serie ao presente, números este e os dezaioito anteriores correlativos.- En Santiago de Compostela o dezaioito de decembro de dous mil vinte e cinco.-Dou Fe.



